

## **A Cámara ofrece un programa de seminarios gratuitos para autónomos e pequenas empresas**

### **O comercio e a hostalería son os destinatarios da maior parte desta formación**

**Ferrol. 15/09/2010.** A Cámara de Ferrol, en colaboración con BIC Galicia, desenvolverá a partir do próximo luns, 20 de setembro, un intenso programa de actividades formativas dirixidas a micropemes e autónomos, con especial atención ao pequeno comercio e á hostalería, sobre aspectos relacionados coa xestión comercial e empresarial.

En total impartiranse 19 seminarios, 15 en Ferrol e 4 en Ortigueira, con carácter gratuito, xa que contan co financiamento do Fondo Social Europeo.

Na formación proposta inclúense aspectos relevantes como as formas de negociación con entidades financeiras, as relacións con clientes e provedores e, en xeral, todas as cuestións relativas á xestión empresarial.

O primeiro destes seminarios, que tratará sobre as principais **obrigas tributarias do empresario autónomo**, terá lugar os días 20 e 21 de setembro en Ferrol e o día 22 en Ortigueira. O obxectivo é que os asistentes aprendan a diferenciar os distintos conceptos impositivos aos que están suxeitos, a comprender os períodos tributarios e a recoñecer a mellor elección impositiva para a súa empresa.

Nesas mesmas datas iniciaranse tamén os bloques de formación específica para o pequeno comercio e a hostalería. Para o primeiro destes colectivos están programados, a partir do día 21 deste mes e ata o 26 de outubro, seminarios sobre imaxe comercial, xestión económico-financeira, informatización do negocio, horarios comerciais, reclamacións e arbitraje, vendas especiais e fixación de prezos.

Para os empresarios do sector do turismo e a hostalería incluíuse para o 20 de setembro unha acción formativa sobre a xestión do persoal neste tipo de negocios e outro, a partir do día 27, sobre captación e fidelización de clientes.

Neste calendario formativo contéplanse tamén accións de introdución á calidade e ao comercio exterior, en concreto sobre exportación de servizos e sobre investigación de mercados, e outros sobre medidas para saír da crise.



Os empresarios interesados en participar en calquera dos seminarios propostos poden contactar co departamento de formación da Cámara (Tel. 981 333 165 – Ext. 2) ou consultar toda a información relativa aos contidos, datas e horarios na súa web ([www.camaraferrol.org](http://www.camaraferrol.org)).

